

Anexo IV. NORMAS DE ESTILO DO TRABALLO FIN DE GRAO

Portada

A portada debe ser de pasta dura ou semi-ríxida e nela deberán aparecer os datos identificativos do TFG que se presenta seguindo o modelo previsto:

- Logo da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense
- Grao en que se presenta
- Título do TFG
- Autoría do TFG (nome e apelidos)
- Ano de presentación

Na primeira folla do TFG repetirase a portada e engadiráselle debaixo do nome do autor/a o nome do titor/a ou titores/as, segundo o caso.

Estrutura

O TFG deberá incluír os seguintes apartados:

- **Resumo** (síntese do contido do traballo, máximo 250 palabras)
- **Índice** (farase referencia ao número de páxina de cada epígrafe)
- **Introdución** (farase referencia ao contido do traballo, á cuestión que se quere resolver, aos antecedentes principais, aos obxectivos, á contribución e xustificación do estudo, á metodoloxía empregada na súa elaboración e, brevemente, ás conclusións obtidas)
- **Desenvolvemento do traballo**: subdividido en apartados
- **Conclusións**
- **Bibliografía** (citas bibliográficas dentro do texto)

Formato

- Marxes:
 - Esquerda: 3 cm.
 - Dereita: 2,5 cm.
 - Superior: 2,5 cm.
 - Inferior: 2,5 cm.
 - Espazo interlineal: 1,15
- Tipo de letra: Arial 11 (ou *Liberation Sans* para traballos realizados en código aberto)
- Tipografía de encabezamentos e de apartados:
 - Título do capítulo: minúscula 24 p
 - Título dos apartados 1^{er} nivel: minúscula 18 p
 - Título dos apartados 2^o nivel: minúscula 14 p
 - Título dos apartados 3^o nivel: minúscula 12 p + cursiva
- Numeración dos apartados: números díxitos (1., 1.1., 1.1.1., etc.)
- As figuras e as táboas numeraranse de modo correlativo.

Bibliografía

As referencias bibliográficas presentaranse ao final de cada TFG. Inclúiranse libros, capítulos, revistas, artigos, actas de congresos, páxinas web, etc. A bibliografía citarase seguindo as normas da APA (American Psychological Association).

Extensión

O TFG debe imprimirse a dobre cara e a súa extensión será como máximo de 17.000 palabras, sen incluír os anexos.